

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, CELEBRADA O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2023.

En Pontevedra, no Pazo Provincial, sendo as doce horas e once minutos do día vinte de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia da presidenta Dona Ana Laura Iglesias González o Vicepresidente D. Santos Héctor Rodríguez Díaz e os Sres./as. Deputados/as seguintes: Dona Ana María Mejías Sacaluga, Don Gorka Gómez Díaz, Don Carlos López Font, Dona María Victoria Alonso Méndez, Don Gregorio Agís Gómez, Dona Raquel Giráldez Armas, Don Javier Tourís Romero, Don Jorge Cubela López, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Dona María Paz Lago Martínez, D. Ignacio Maril Pardo, Don José Carlos López Campos, Don José Alfonso Marnotes González, Dona María Ortega Iñarrea.

Non asiste : Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, deputado do Bloque Nacionalista Galego.

Actúa como Secretario, D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha.

Aberta a sesión pola Sra. presidenta, pásase ao estudo da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1. Aprobación do borrador da acta da sesión anterior.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior correspondente ao día 16 de decembro de 2022.

2. Dar conta da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Caldas de reis para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto denominado “COMMERCE INSIDE”, que conta coa financiación do 70% do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da convocatoria de 2021 das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas (ORDE ICT/951/2021, de 10 de setembro) no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (expte nº 2022040569).

A Comisión informativa de Turismo, queda enterada da aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Caldas de reis para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto denominado “COMMERCE INSIDE”, que conta coa financiación do 70% do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da convocatoria de 2021 das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas (ORDE ICT/951/2021, de 10 de setembro) no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (expte nº 2022040569).



3. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e doce minutos, do que, como Secretario, dou fe.

Vº. e PR. A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

Asinada dixitalmente ao marxe.

